

NAVALIA

INTERNATIONAL SHIPBUILDING EXHIBITION

03

Do 20 ao 22 de maio celébrase en Vigo **NAVALIA 2014**, punto de encontro internacional da industria naval. Dentro das xornadas técnicas e no marco do proxecto AUXNAVALIA Plus a Axencia Galega de Innovación (GAIN) organiza a xornada “**HORIZON 2020 – INDUSTRIA NAVAL**”. Presentaranse as **oportunidades de financiamento** que ofrece o Programa Horizon 2020 no ámbito do sector naval e explicaranse as **principais claves** para conseguir propostas exitosas. Tamén se describirán **as axudas e os servizos de apoio** que pon a disposición das PEMES asistentes ao evento e dos axentes de innovación para a elaboración das propostas.

A xornada terá un carácter eminentemente práctico, na cal se dará resposta ás dúbidas que puideran ter os asistentes. En tal senso, as empresas que o desexen poderán manter unha **entrevista bilateral** co Punto Nacional de Contacto de H2020 e cos representantes de GAIN para aclarar dúbidas.

COLABORAN:

INDUSTRIA NAVAL

21 de maio de 2014, NAVALIA, Vigo
Instituto Feiral de Vigo,
Avda. do Aeroporto, 772, Cotogrande

10:00 – 10:05
BENVIDA E PRESENTACIÓN.

10:05 – 10:30
DA ESTRATEXIA DE ESPECIALIZACIÓN INTELIXENTE DE GALICIA (RIS3) A HORIZON 2020.
Representante da Axencia Galega de Innovación

10:30 – 11:30
OPORTUNIDADES DE FINANCIAMENTO PARA A INDUSTRIA NAVAL EN HORIZON 2020 E REGRAS DE PARTICIPACIÓN.
Anxo Moreira.
Punto Nacional de Contacto H2020. Universidade de Vigo.

11:30 – 12:00
Pausa – Café.

12:00 – 12:40
AXUDAS E INSTRUMENTOS DE APOIO DA AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN Á PARTICIPACIÓN DAS PEMES GALEGAS EN PROGRAMAS EUROPEOS E NACIONAIS DE I+D+I. BONOS DE INNOVACIÓN E SERVIZOS DE APOIO.
Representante da Axencia Galega de Innovación

É precisa a inscrición a través do formulario online no seguinte [enlace](#). Indique se está interesado en manter unha reunión bilateral co NCP para revisar as proposta de proxecto ou cun técnico de GAIN para resolver dúbidas sobre os instrumentos de apoio á participación galega en programas europeos de I+D. Nestes casos, deberá remitir cumprimentada a Ficha de Información que se xunta antes do 16 de maio ó correo (informa.gain@xunta.es). De non enviar dita Ficha, non será posible celebrar a reunión.

COLABORAN: